

Ilmo Sr. Fiscal Xefe de Galicia

Palacio de Xustiza

Praza de Galicia. A Coruña

MANUEL MONGE GONZÁLEZ, con [REDACTED], enderezo na rúa [REDACTED] [REDACTED] A Coruña, email: manolomongegonzalez@gmail.com Tfno. [REDACTED] en representación dun colectivo de presas e presos políticos de Ferrol na ditadura, tendo en conta o disposto nos artigos 3 e 5 do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, lei 24/2007 de 9 de outubro BOE nº 243 de 10 de outubro, pon no seu coñecemento os seguintes feitos por entender que contraveñen a vixente Lei de Memoria Histórica, incumprimento reiterado e reafirmación constante no mesmo.

## ANTECEDENTES

Un colectivo de presas e presos políticos de Ferrol na ditadura enviamos un escrito á ministra de Defensa Dona Margarita Robles o 21 de decembro de 2020 (**Documento nº 1**), lembrando que os medios de comunicación recollían que o ministerio de Xustiza está a traballar na reforma do Código Penal, que tipificaría como delito a apoloxía ou exaltación do franquismo. Lembrabamos tamén que a vicesecretaria xeral do PSOE, Adriana Lastra, manifestaba: "Retiraremos la simboloxía franquista que aún queda en lugares públicos. En democracia no se homenaxea ni a dictadores, ni tiranos". O citado escrito recollía a relación de persoas asinantes.

Sinalabamos no citado escrito que, a pesar desas declaracións, "son numerosos os casos nos que o propio ministerio de Defensa promociona ou permite a apoloxía ou enaltece do franquismo. En Galiza permanecen hoxe 23 símbolos franquistas en instalacións que dependen de Defensa e 13 están en Ferrol".

Acababamos así ese escrito: *"Xa é hora de que o ministerio de Defensa acabe coa simboloxía franquista e a exaltación de golpistas e criminais. Se Defensa non actúa e mantén esta situación vergoñenta, non quedará outra saída que presentar unha denuncia no xulgado correspondente por incumprimento da Lei de Memoria Histórica de 2007"*.

Con data 5 de febreiro de 2021, que recibimos por correo certificado o 11 de febreiro de 2021 (**Documento nº 2**), o ministerio de Defensa resposta: *"Conforme a los datos disponibles en este Departamento, no consta que existan actuaciones pendientes al respecto. Si surgieran nuevos supuestos, la reacción del Departamento será la que establece la ley"*.

En resposta a esta notificación de Defensa, enviamos un novo escrito á ministra de Defensa (**Documento nº 3**), en marzo de 2021, que acababa así: *"Se Defensa segue negando a evidencia e manifestando que 'no consta que existan actuaciones pendientes', poñeremos estes feitos en coñecemento da Fiscalía por si o incumprimento reiterado da lei podería ter un carácter penal"*.

Por outra parte, o ministerio de Defensa actúa con total incongruencia. Négase a retirar, entre outras, a rúa Salvador Moreno Fernández do Arsenal Militar de Ferrol, pero cambia o nome do Colexio Salvador Moreno de Pontevedra (hoxe Juan Sebastián Elcano), que depende de Defensa, após a denuncia da Confederación Sindical Galega (CIG) por incumprimento da Lei de Memoria Histórica, presentada na Subdelegación do Goberno en Pontevedra o 3 de febreiro de 2021.

O presidente de Goberno Mariano Rajoy non entendía en 2017 o cambio de nome da rúa Salvador Moreno e nunha visita ás tropas españolas en Costa de Marfil declaraba: "Viví muchos años al lado de la Escuela Naval de Marín, en la calle Salvador Moreno de Pontevedra. Ahora, no se sabe por qué, le han quitado la calle al Almirante Salvador Moreno. Pero, en fin, yo le sigo llamando así". (**Documento nº 4**: escrito da CIG). (**Documento nº 5**: "La Ley de Memoria Histórica cambia de nombre a un colegio pontevedrés". *Europa Press-El Español*, 7-5-2021. "Oficial el cambio de nombre del colegio pontevedrés bautizado en honor al golpista Salvador Moreno". *Europa Press*, 19-8-2021).

## **FEITOS DENUNCIADOS:**

### **I.- SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DEPENDENTE DE DEFENSA QUE QUEDA POR RETIRAR EN GALIZA**

**Rúas no Arsenal Militar de Ferrol:** Almirante Fernández Martín, Almirante Vierna, González Llanos, Salvador Moreno, Marqués de Alborán, Soldado Lois, Crucero Baleares, Cándido Pérez, Almirante Honorio Cornejo.

**Igrexa Castrense de San Francisco de Ferrol:** Cruz dos Caídos, placa aos Caídos do Baleares, placa con referencia ao bautismo do "Generalísimo".

**Escudo franquista na fachada do cuartel Sánchez Aguilera.**

**"Residencia de estudantes Teniente General Barroso en Santiago".**

**Edificio de Capitanía Xeneral na Coruña:** "Sala de Honor Tte. Gral. Yagüe". Relación histórica de bandeiras de España que evitan a referencia á ditadura despois da II República.

**Museo Histórico Militar da Coruña:** A explicación do alí exposto podería corresponder perfectamente a calquera ano da ditadura, que o converte nun museo de exaltación do franquismo. O **retrato** e o **busto** de **Francisco Franco** está acompañado dun texto no que non se fai referencia a que o 18 de xullo de 1936 houbo unha sublevación militar contra a Constitución e o goberno lexítimo e democrático da República. Tampouco se cualifica a Franco como ditador, nin se di que durante 40 anos tivemos unha ditadura criminal. Nos retratos do **Marqués de Cavalcanti** (José Cavalcanti de Alburquerque y Padierna) e do xeneral **José Luis Romero Corral** non se explica que se trata de dous golpistas que participaron no exército dos sublevados en 1936. Na explicación sobre "O mosquetón de **Foucellas**" (Benigno Andrade García) ocúltase que a guerrilla loitaba para acabar coa ditadura. **Sergio Peñamaría de Llano** ten un **retrato** con esta indicación: "Uniforme de

etiqueta de General de Brigada. Auditor General del Ejército y Alcalde de La Coruña”. Xunto ao retrato está o **uniforme de militar** de Peñamaría coas condecoracións. Noutra sala hai unha vitrina coa súa **pistola**. Como é posíbel que reciba tantos honores e distincións este militar que destacou pola criminal represión que protoganizou como tenente da Lexión en 1939 na comarca de Valdeorras (Ourense) e tamén como fiscal militar, solicitando penas de morte, entre outros, para dirixentes do PCE?

**Escudo franquista no Cuartel de Atocha** da Forza Loxística Operativa (FLO) na Coruña, situado na porta do Comandante de Garda.

## II.- XUSTIFICACIÓN DA PETICIÓN DE RETIRADA DESA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA EN CUMPRIMENTO DA LEI DE MEMORIA HISTÓRICA

Información recollida do libro *Os restos do franquismo en Galiza*, de Manuel Monge (Edicións Laiovento, 2020):

### **José María González-Llanos y Caruncho**

Militar, que colabora cos golpistas, e empresario. Ascende a Capitán de Corveta en 1929, pasando a prestar servizos na Sociedade Española de Construción Naval como xefe dos servizos eléctricos. En 1933 era enxeñeiro xefe e en 1935 director do estaleiro de Ferrol. Cando se produce a sublevación ou Golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 deixa o cargo e **embarca no cruceiro Canarias para participar co exército de Franco** no bloqueo do estreito de Xibraltar. A súa biografía, como a de tantos outros, está “branqueada” e esta faceta de golpista non aparece na biografía oficial. Antes do remate da Guerra Civil volveu ocupar o posto de Director de Bazán. Traballou na súa modernización: creación da escola de aprendices, fábrica de turbinas e na fundación de FENYA en 1941. En 1949 deixou o posto en Bazán para crear Astano. Foi catedrático da Escola Superior de Enxeñeiros Navais de Madrid, dende 1947 a 1961.

O Pleno de **Ferrol** xa retirou en 1981 a rúa González-Llanos, hoxe Circunvalación

### **Salvador Moreno Fernández**

Nado en Ferrol (14-10-1886), falece en Madrid (2-5-1966).

Foi director do Polígono de Tiro Naval Janer de Marín de 1924 a 1931. Militar golpista, **participou activamente en 1936 na sublevación no Arsenal de Ferrol**, apoderándose do cruceiro Almirante Cervera que, posteriormente, bombardeou Xixón.

Xefe do Estado Maior da Armada (1937) e **Ministro** da Mariña (1939-1945 e 1951-1957). Almirante dende 1950. Foi un dos 35 altos cargos do franquismo imputado pola Audiencia Nacional por delitos de **detención ilegal e crimes contra a humanidade** no sumario instruído polo xuíz Baltasar Garzón (auto de 16 de outubro de 2008).

Como pago aos servizos prestados á ditadura, cando pasa á reserva en 1956 é nomeado presidente do consello de administración da Compañía Transmediterránea até o seu falecemento.

O Pleno de **Ferrol** retiraba en 1981 a rúa Salvador Moreno Fernández, hoxe Irmandiños. O Pleno do concello de **Pontevedra** de outubro de 2002 acordaba, a iniciativa do BNG e co apoio do PSOE, eliminar, entre outras, a rúa Salvador Moreno Fernández, que foi substituída por Rosalía de Castro. Luís Bará, concelleiro de Cultura, xustificaba así esta decisión: “Por estar relacionados co período histórico do levantamento militar da guerra do 36 e a represión. Estes cambios son un exercicio de xustiza e normalidade democrática”.

O Pleno de **Málaga** do 25 de xaneiro de 2018 acordaba “retirar todas las distinciones municipales que pudieran haberse concedido a cualquier figura de la sublevación militar de la Guerra Civil y de la represión de la dictadura” cos votos a favor do PSOE, Málaga para la Gente-IU, Málaga Ahora e Cs. Ese mesmo Pleno, alcaldía do PP, aprobaba por unanimidade unha moción sobre a memoria das vítimas do crime da estrada de Málaga a Almería (7 ao 12 de febreiro de 1937). Cando entra o exército de Franco en Málaga prodúcese a “desbandá” con máis de 100.000 persoas desprazadas. A poboación civil foi bombardeada desde avións e desde a escuadra sublevada, entre eles o acorazado Canarias, comandado por Salvador Moreno Fernández, e o Baleares, provocando máis de 5.000 mortos.

O Concello de **Cedeira** con alcaldía do PSOE (votos a favor de PSOE e BNG) retiraba a Salvador Moreno Fernández a distinción de Fillo Adoptivo o 2 de outubro de 2020..

### **Soldado Lois**

Manuel Lois García, presentado como heroe polo franquismo, entraba na Infantería de Mariña como soldado de reemprazo o 13 de agosto de 1936. **Morreu en combate no Cruceiro Baleares**, en poder do exército golpista de Franco, en augas de Arxel o 7 de setembro de 1937, nun enfrontamento con barcos da Armada republicana.

O concello de **Ferrol** xa retirou a rúa Soldado Lois, hoxe Sao Paulo

### **Almirante Fernández Martín**

Pedro Fernández Martín naceu en Xerez da Fronteira en 1898 e ingresa en 1914 na Escola Naval de San Fernando. Era Alférez de Navío en 1919.

Militar golpista, **participa no exército sublevado en 1936** contra a República, sendo destinado ao mando do destrutor *Velasco* e despois ao cruceiro auxiliar *Ciudad de Alicante*. Cando acaba a Guerra Civil ascende a Capitán de Fragata ao mando do destrutor *Almirante Valdés* e despois ascende a Capitán de Navío ao mando do cruceiro *Méndez Núñez*.

Despois dun programa de colaboración do exército de Franco coa Alemaña de Hitler, presta servizo dende 1942 na Kriegsmarine (Armada nazi) durante a II Guerra Mundial.

Cando era Almirante foi nomeado Capitán Xeral do Departamento Marítimo de Ferrol o 6 de maio de 1957, cargo que mantén até 1962 que falece.

A petición de Memoria Histórica e Democrática de Ferrol, o concello de Ferrol retiraba en 2010 unha placa co nome do Almirante Pedro Fernández Marín, situada na fachada do Parador de Turismo.

O concello de **Ferrol** xa retirou a rúa Almirante Fernández Martín, hoxe Eduardo Pondal.

### **Almirante Vierna**

Manuel Vierna Belando (1884-1938), Capitán de navío, xefe do Estado Maior da Base de Ferrol en xullo de 1936, **participou na conxura contra a República, sublevándose e contribuíndo ao triunfo do golpe de Estado militar en Ferrol**. Durante a Guerra Civil mandou a División de Cruceiros da frota franquista, perecendo en acción de guerra no afundimento do Cruceiro Baleares no ano 1938 (Datos recollidos do informe da Comisión de Expertos da Coruña en 2009 para a retirada da simboloxía franquista).

O Pleno de **Cádiz** de 22 de decembro de 2021 acordaba retirar a rúa Almirante Vierna cos votos a favor de Adelante Cádiz e PSOE.

O concello de **Ferrol** xa retirou a rúa Almirante Vierna, hoxe San Francisco. E **A Coruña**, alcaldía do PSOE, tamén retirou a rúa Almirante Vierna en 2009.

### **Cándido Pérez**

Cándido Pérez Expósito foi fusilado na Guerra Civil despois de que o bou Virgen del Carmen, do que era xefe de máquinas, fose capturado e entregado en Bilbao ás autoridades da República. Posteriormente levou o seu nome un patrulleiro da Armada.

O concello de **Ferrol** xa retirou en 1981 a rúa Cándido Pérez, hoxe Celso Emilio Ferreiro.

### **Crucero Baleares**

O Crucero Baleares, símbolo da Armada franquista, foi afundido o 6 de marzo de 1938 na batalla de Cabo de Palos, como **buque do exército sublevado de Franco** nun enfrontamento coa Armada da República.

O concello de **Ferrol** xa retirou en 1981 a rúa Crucero Baleares, hoxe Rampa. O concello de **Felanitx** (Mallorca), en aplicación da Lei de Memoria Histórica (votos a favor do BLOC, PSOE e PI), cambiaba en 2016 o nome da ronda marítima Creuer Baleares de Portocolom por Miquel Masstí, oceanógrafo e artista local. O concello de **Arrecife** (Lanzarote), cos votos a favor de CC e PSOE, cambiaba en 2014 a rúa Crucero Baleares por Telésforo Bravo. No concello de **Culleredo** (A Coruña) o nome do centro de ensino IES Crucero Baleares foi cambiado por Universidade Laboral.

### **Almirante Honorio Cornejo**

Honorio Cornejo Carvajal, nado en Huelva (1861), falece en Madrid (1937). Contralmirante en 1920, Vicealmirante en novembro de 1924. **Participa activamente na Ditadura de Primo de Rivera e foi Ministro de Mariña** (1925-1928). **Xulgado e condenado a cárcere pola República**, xuntamente co seu sucesor o almirante Mateo García de los Reyes, antes da sublevación militar de 1936, polas responsabilidades contraídas no seu cargo durante a Ditadura de Primo de Rivera.

O concello de **Ferrol** xa retirou a rúa Almirante Honorio Cornejo, hoxe Angustias.

### **Marqués de Alborán**

Francisco Moreno Fernández, Marqués de Alborán, nado en San Fernando (7 de novembro de 1883) falece en Ferrol (21 de xaneiro de 1945). Militar golpista. Ingresou con 15 anos na Armada. Capitán de Corveta en 1920 e Capitán de Navío en 1935. **Únese aos sublevados cando estaba destinado en Ferrol o 18 de xullo de 1936 como Xefe de Armamento do Arsenal**, tomando o mando deste e participando no arresto do Contralmirante Antonio Azarola, que foi executado despois dun xuízo sumarísimo.

O Goberno de Burgos (dos sublevados) nomea a Francisco Moreno Fernández Xefe da Flota Nacional e Vogal da Xunta de Defensa Nacional. Ascende a Vicealmirante en 1937 e cando finaliza a Guerra Civil é nomeado Capitán Xeneral de Cartaxena. O ditador Franco outórgalle, con carácter póstumo, o título de Marqués de Alborán. No sumario aberto polo xuíz Baltasar Garzón da Audiencia Nacional estaba imputado por **crimes contra a humanidade**.

O concello de **Ferrol** xa retirou en 1981 a praza Marqués de Alborán, hoxe Praza de Armas. En **Madrid** tamén retiraron a rúa Almirante Francisco Moreno en abril de 2017 (alcaldía de Manuela Carmena e co voto a favor do PSOE).

**En definitiva, semella que o que se retira na vía civil, no cumprimento da citada Lei de Memoria Histórica, se mantén por Defensa, como no caso do Arsenal de Ferrol.**

### **III.- DESATENCIÓN ÁS MÚLTIPLES PETICIÓN DE RETIRADA E PERTINAZ CONDUCTA NO INCUMPRIMENTO**

**O pleno da corporación de Ferrol de 24 de setembro de 2009**, con Vicente Irisarri como alcalde do PSOE e a iniciativa de Esquerda Unida (votos a favor de PSOE, Esquerda Unida e BNG e abstención de PP) pedía a Defensa o cambio de nome das rúas do Arsenal Militar porque son unha auténtica exaltación do franquismo, de persoas da Armada relacionadas coa represión da ditadura, o que é un claro incumprimento da Lei de Memoria Histórica. Esta petición non foi atendida polo goberno do PSOE.

A *Asociación Ferrolterra Nosa Memoria* apoiaba en 2011 a petición do concello de Ferrol para a retirada desas rúas do Arsenal Militar.

Por outra parte, o pleno de xullo de 2018 acordaba, a proposta do BNG, a retirada de toda a simboloxía franquista que aínda quedaba en Ferrol.

Estamos ante unha evidente falta de respecto á vontade popular porque a corporación democrática de Ferrol xa aprobou no pleno de 2 de marzo de 1981 a retirada das rúas na cidade destes militares golpistas: Almirante Fernández Martín, agora Eduardo Pondal; Almirante Vierna (San Francisco); Honorio Cornejo (Angustias); González Llanos (Circunvalación); Salvador Moreno (Irmadiños); Marqués de Alborán (refírese ao almirante da Armada e golpista Francisco Moreno Fernández) hoxe Praza de Armas; Cándido Pérez (Celso Emilio Ferreiro); Soldado Lois (Sao Paulo) e a rúa Crucero Baleares pasaba a chamarse Rampa.

O “**Manifiesto en contra do franquismo nas Forzas Armadas**” era asinado por cincuenta persoas, actuando como portavoz Arturo Maira Rodríguez, capitán de Navío do Corpo de Enxeñeiros Electricista, e enviado á Ministra de Defensa Margarita Robles, Vicealmirante Xefe do Arsenal de Ferrol, Delegación do Goberno en Galicia, Deputación da Coruña, Xunta de Galicia e a Jorge Suárez, daquela alcalde de Ferrol.

Sinalaba ese manifesto (*Foro Milicia y Democracia*, 22-8-2018):

Mostramos nuestro rechazo total, sin ambigüedad alguna a la Declaración de militares franquistas en defensa del general Francisco Franco. Los militares que nos adherimos a esta propuesta sostenemos que:

1. El general Franco no merece respeto ni desagravio alguno, sino nuestra repulsa más absoluta por haber encabezado un golpe de estado sangriento y genocida contra la legal y legítima II República Española, la feroz guerra civil posterior, y una dictadura opresiva e inclemente durante casi cuarenta años.
2. Los militares españoles somos funcionarios servidores del estado, tenemos nuestra conciencia individual libre como cualquier ciudadano, pero no tenemos derecho alguno a presionar como colectivo al Estado democrático.

Arturo Maira dirixía esta carta ao Excmo. Sr. D. Antonio Duelo Menor, Vicealmirante Xefe do Arsenal de Ferrol o 25 de febreiro de 2019:

Os nomes destas rúas exaltan sen ningunha dúbida a persoal da Armada que tomou parte activa sinalada, na sublevación militar, Guerra Civil e represión da Ditadura. A placa do Cruceiro Baleares, constitúe tamén unha exaltación colectiva da sublevación militar e Guerra Civil.

Polo tanto, Vucencia, ou quen corresponda, debe dar as ordes oportunas para a súa retirada. Como Vucencia sabe, tódolos cidadáns temos responsabilidades como tales, e debemos denunciar ante quen corresponda, o incumprimento das leis. Pois ben, no Arsenal de Ferrol estase incumprindo a Lei de Memoria Histórica. Ademais disto, paréceme oportuno sinalar que a Armada debe procurar por tódolos medios posíbeis, recuperar a súa harmonía coa cidadanía española, soberana, de acordo coa Constitución, e democrática, nos seus sentimentos, valores e sentido histórico. Esta harmonía rompeuse brutalmente coa sublevación militar do ano 1936, e non foi recuperada como debera, debido a certa simbiose Armada - Franquismo, que tristemente lémbra-nos algunhas declaracións de mariños e militares inimigos da democracia, que exaltan e louban ó ditador Franco. Parece oportuno tamén renomear as rúas con persoas dignas, relacionadas coa Armada, e co Arsenal de Ferrol, que loitaran e sufriran polos valores democráticos e cívicos que debemos compartir todos.

Atrevémonos, polo tanto, a fornecer a documentación precisa para este cambio que propoñemos. Esta documentación está avalada polos coñecementos de D. Bernardo Máiz Vázquez, doutor en Historia Contemporánea pola Universidade de Zaragoza, licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, Catedrático de bacharelato retirado, Premio da Asociación Galega de Historia ao labor e mérito historiográfico 2010, e natural de Ferrol.

O que non debe ocorrer unha vez máis é outra manipulación histórica manexada por persoas simpatizantes co anterior réxime que, desgraciadamente, como a experiencia recente demóstranos, non son infrecuentes nas nosas Forzas Armadas, sobre todo nos seus niveis superiores.

Tamén solicito o seguinte:

Como VE debe saber, na “Punta del Martillo” dese Arsenal fusilaron, durante a sublevación de 1936 e nos meses e anos posteriores, un número moi elevado de mariños e cidadáns, cuxo único “delito” foi cumprir co seu deber, a defensa da legal e lexítima II República Española. Cremos que xa é hora de que se levante un monumento ou placa conmemorativa na súa memoria, no mesmo lugar ou máis próximo a estes penosos feitos. Debería conter o nome e condición de todos eles. É o menos que podemos facer na súa memoria, como consolación dos seus

descendentes e como exemplo para tódolos presentes ou futuros membros da Armada do que xamais debeu ocorrer.

Vai anexo o dosier coa proposta de cambios de nomes no rúeiro do Arsenal Militar.

Creo sinceramente que, dunha vez por todas, a Armada debe dar prioridade á democracia, e neste caso ao pobo de Ferrol, que nos aloxa na súa cidade desde fai séculos.

## **Rúas alternativas**

Coa colaboración do historiador Bernardo Máiz as persoas asinantes do manifesto realizaron unha selección de 15 candidatos para ocupar os nomes desas placas e, finalmente, fixeron unha proposta de dez: *Condestable Dionisio Mouriño González. Contralmirante Antonio Azarola Gresillón, Xefe do Arsenal. Cabo de Artillaría Naval Ramiro Correduegas Castro. Luis Sánchez Pinzón, tenente de Navío (“Cervera”). Sandalio Sánchez Ferragut, capitán de Navío (“Cervera”). Condestable Vicente Peña Terrasa, guerrilleiro antifranquista. Condestable Carlos Allegue. Benito Sacaluga Rodríguez, tenente coronel (xefe de máquinas do “Jaime I”). Luis Pérez Carballa, coronel médico da Armada. Antonio Sanjuán Cañete, capitán de Corveta.*

Tamén propuñan levantar un monumento na Punta do Martelo do Arsenal de Ferrol, lugar de fusilamento de moitas persoas. Este traballo recolle que nese lugar 166 militares (131 pola xurisdición da Mariña e 35 por xurisdición do Exército) foron condenados a morte en Consellos de Guerra e executados; outros 176 foron paseados ou morreron en enfrontamentos nos primeiros días da sublevación. En total foron asasinados 342 militares entre 1936 e 1951. Na comarca de Ferrolterra 714 persoas (entre civís e militares) foron executadas polo franquismo desde xullo de 1936 até finais de 1939.

Segundo os datos recollidos pola A.C. Memoria Histórica Democrática de Ferrol, entre 1936 e 1970 houbo 2.709 persoas represaliadas na comarca entre fusiladas, encarceradas, encausadas ou paseadas. Nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal foron asasinadas 907 persoas. Xa con datos máis recentes, a Comisión pro Memorial das Vítimas do Franquismo das citadas comarcas daba en xullo de 2021 os nomes de 968 persoas asasinadas e 16 descoñecidas, de 25 concellos que, cunha nova actualización, superan as 1.000 .

## **A petición chega ao Congreso**

O deputado Gaspar Llamazares presentaba en 2011 unha pregunta no Congreso polo atraso no cumprimento da Lei de Memoria Histórica en instalacións militares.

A Comisión Constitucional do Congreso rexeitaba cos votos do PP o 23 de outubro de 2013 unha proposición non de lei de Izquierda Plural para que se retirase a simboloxía franquista de todos os edificios dependentes de Defensa.

A deputada do PSOE no Congreso, María Paloma Rodríguez Vázquez, presentaba unha proposición non de lei en xaneiro de 2014 para que se retirasen esas rúas do Arsenal Militar de Ferrol. Esta iniciativa chegaba á Comisión Constitucional do Congreso o 17 de xuño de 2015 e tampouco foi aprobada, nesa ocasión pola oposición do goberno do PP. Ese mesmo ano o Goberno retiraba do Arsenal a rúa Carrero Blanco,



O Grupo Confederal de Unidas Podemos-En Comú Podem-En Marea instaba ao Goberno de Mariano Rajoy en marzo de 2016 a retirar os nomes de “connotados golpistas e ministros da ditadura franquista” do Arsenal Militar de Ferrol. (**Documento nº 6.** ”En Marea exige a Defensa que retire los nombres franquistas del Arsenal”. *Ferrol 360*, 10-3-2016)

#### **IV.- CONDUCTA REITERADA NO INCUMPRIMENTO QUE SE EVIDENCIA, AÍNDAMÁIS, NAS CONTINUAS ACCIÓNS, INDIVIDUAIS E COLECTIVAS CO CONSENTIMENTO, CANDO NON BENEPLÁCITO, DO MINISTERIO DE DEFENSA**

Coa chegada da democracia continuou a homenaxe e enalteceamento de militares golpistas e criminais, promovido, autorizado ou consentido polo Ministerio de Defensa, que continúa até hoxe.

**O Panteón de Mariños Ilustres de San Fernando**(Cádiz) enaltece e honra a memoria de significados golpistas, en claro incumprimento da Lei de Memoria Histórica. O Decreto 1433/1966 de 2 de xuño dispuña o traslado dos restos mortais do Almirante don Salvador Moreno Fernández ao Panteón de Mariños Ilustres. A deputada do PSOE María Paloma Rodríguez Vázquez tamén pedía na citada proposición non de lei (rexeitada polo goberno do PP no pleno do Congreso de 17 de xuño de 2015) que se retirasen dese Panteón os restos dos irmáns Salvador e Francisco Moreno Fernández. Seis anos despois continúan nese Panteón.

#### **Militares franquistas conservan as distincións**

O xeneral Eduardo González-Gallarza Morales, que foi designado Xefe do Estado Maior do Aire (XEMA) en 2001 polo goberno do PP, atrevíase a pedir a ilegalización dun partido político como Podemos e conserva a Gran Cruz ao Mérito Militar, Gran Cruz ao Mérito Naval, Gran Cruz ao Mérito Aeronáutico e Gran Cruz de San Hermenexildo. O xeneral Juan Chicharro recibía de José Bono, ministro socialista de Defensa, a Gran Cruz da Real e Militar Orde de San Hermenexildo en 2005. O xeneral Francisco Beca, que escribiu nun chat que “*hay que fusilar a 26 millones, niños incluidos*” pode seguir vestindo o uniforme do Exército do Aire e pertence á Orde de San Hermenexildo, na que só poden ingresar aqueles militares con “conduta irreprochable” acreditada. Todos eles son asinantes de todo tipo de manifestos contra o goberno e de exaltación de Franco.

#### **Subvencións a organizacións franquistas de militares**

A asociación *Hermandad de Veteranos de las Fuerzas Armadas y de la Guardia Civil*, que preside o xeneral Eduardo González-Gallarza Morales, recibe subvencións do Ministerio de Defensa e a cesión gratuíta de locais en edificios militares. O presidente publicaba un artigo, claramente político, na revista *Tierra, Mar y Aire*, da citada Hermandad nas vésperas das eleccións de 2015. Decía o xeneral: “*En este panorama electoral me preocupa mucho este partido que ha surgido no sé cómo y al que incomprensiblemente se le tolera concurrir a estas elecciones [andaluzas, autonómicas e municipais, catalanas y xerais] cuando lo que habría que haber hecho es prohibírsele y no sé si incluso declararles fuera de la Ley. Me estoy refiriendo naturalmente a ‘Podemos’ al que yo cambiaría la decimotercera consonante por la séptima y sería más correcto el nombre [Jodemos]*”. Para pedir esta ilegalización daba, entre outros, os seguintes argumentos: “*Por*

*declararse antisistema, están dispuestos a suprimir la Semana Santa, a ceder la Catedral de Córdoba a los musulmanes y no sé cuantos desatinos más”.*

Existen militares franquistas, organizados, que reciben todo tipo de axudas do Goberno. A Asociación de Militares Españoles (AME), con máis de 3000 asociados, representa a militares retirados e forma parte do Consello de Persoal das Forzas Armadas (COPERFAS). Recibía unha subvención de 5000 euros de María Dolores de Cospedal cando era ministra de Defensa. AME fai apoloxía do franquismo e edita a revista mensual *Militares*, onde son frecuentes as loas ao ditador Franco e críticas ao Estado das Autonomías: *“Parcelación de España en 17 virreinos, que no ha traído a España más que división, corrupción y enormes gastos”*. Esta asociación e a revista tiñan a súa sede en dependencias cedidas polo Ministerio de Defensa, con teléfonos, ordenadores etc.

A revista recolle ataques continuados á Lei de Memoria Histórica. Moitos dos membros desta asociación fan chamamentos para ocupar militarmente Cataluña polo proceso soberanista. No número de xullo de 2017 desta revista, o seu director e presidente de AME, o coronel retirado Leopoldo Muñoz, escribía sobre a retirada de simboloxía franquista: *“Quienes han tenido la temeridad de promulgar ese cambio, esa desaparición, no han caído, ni caen, en la cuenta de que, precisamente porque el más denostado de todos, el laureado y mundialmente prestigioso general Francisco Franco Bahamonde, tomó el mando de las tropas que, en representación de, al menos, la mitad perseguida y maltratada de la sociedad española de entonces, decidieron poner fin al período sangriento que supuso el final de la Segunda República”*. E Enrique Domínguez, coronel de Infantaría, escribía sobre o cadro Guernica de Picasso, coincidindo co 80.º aniversario do bombardeo desta vila pola aviación fascista: *“No representa ningún bombardeo, sino la muerte de un torero”*.

**Publicacións do ministerio de Defensa.** Celebradas as primeiras eleccións democráticas o 15 de xuño de 1977 e aprobada a Constitución en 1978, os militares franquistas non se privaban de exaltar a traxectoria dos golpistas, incluso en publicacións editadas polo propio Ministerio de Defensa. Así, cando falece o almirante golpista Pedro Nieto Antúnez, a Revista General de Marina de xaneiro de 1979 dedicaba un artigo titulado *Ha muerto un gran marino. EL ALMIRANTE NIETO ANTÚNEZ*, que asinaba “A.L.”. No texto non había ningunha condena da sublevación de 1936 contra a Constitución e o goberno elixido democraticamente; pola contra, recollía un enxalzamento da súa participación na ocupación e represión na comarca: *“Por su actitud en la ocupación de la pontevedresa península de Morrazo, así como por su destacado comportamiento a lo largo del Alzamiento Nacional, sería condecorado en 1940 con Medalla Militar individual”*. Despois subliñaba a amizade co ditador: *“Admiración, amistad y lealtad sin fisuras hacia Francisco Franco, caudillo de España. Algunas de sus virtudes como militar y patriota hallaban un eco armónico en la personalidad del anterior Jefe del Estado”*.

**Unha bandeira da Lexión aínda leva o nome de Franco.** O Ministerio de Defensa permite que a Lexión siga utilizando o nome do ditador nunha das súas unidades: "I BANDERA COMANDANTE FRANCO", que pertence ao Tercio Gran Capitán. (**Documento nº 7.** *“Defensa permite que la Legión siga utilizando el nombre de Franco en una de sus unidades”*; *publico.es*, 30-3-2021). Hai algunha unidade militar en Alemaña que lembre a Adolf Hitler ou en Italia a Benito

Mussolini? Homenaxe en Alemaña ao cabo Hitler que combateu co exército alemán na I Guerra Mundial?

O ministerio de Defensa insiste en que xa realizou "acciones debidas" para a retirada da simboloxía franquista e que o anteproxecto de Lei de Memoria Democrática vai incluír "nuevas previsiones con respecto a cuestiones planteadas". En definitiva, todo parece indicar que non están dispostos a cumprir a actual Lei de 2007 de Memoria Histórica porque xa está en marcha outra nova lei.

O deputado Jon Iñarritu xa levara unha pregunta en outubro de 2020 á Comisión de Defensa do Congreso sobre o nome desta unidade da Lexión, interpelando á subsecretaria de Defensa, Amparo Valcarce: "¿Le parece normal que a estas alturas siga habiendo una unidad militar con el nombre de un genocida y un dictador?".

Por outra parte, o senador Carles Mulet de Compromís, presentaba unha pregunta ao goberno con resposta escrita o 17 de maio de 2021: "El dictador Franco sigue presente en el Tercio Gran Capitán de la Legión. Allí se encuentra la 1 Bandera Comandante Franco, una unidad militar legionaria que rinde honor a Francisco Franco por haber sido su jefe en 1920. El ministerio de Defensa reconoció que el mantenimiento de ese nombre choca con la ley de memoria histórica. pero de momento no ha impulsado su cambio. ¿Por qué?".

Respostaba así o Goberno o 20 de maio dese ano:

Desde la entrada en vigor de la Ley 52/2007 de 26 de diciembre, por la que se reconocen y amplían derechos y se establecen medidas a favor de quienes padecieron persecución o violencia durante la Guerra Civil y la dictadura y de la normativa que la desarrolla, como la Orden del Ministerio de Cultura CUL/3190/2008 de 6 de noviembre [BOE nº 269 de 7 de noviembre de 2008], por la que se publicó el Acuerdo de Consejo de Ministros, de 31 de octubre, por el que se dictan instrucciones para la retirada de símbolos franquistas en los bienes de la Administración General del Estado y sus organismos públicos dependientes, el Ministerio de Defensa ha realizado las acciones debidas para darles cumplimiento, retirando numerosos símbolos y modificando denominaciones de bases, acuartelamientos o establecimientos que vulneraban lo establecido en aquellas. La Bandera de Infantería Protegida I encuadrada en el Tercio Gran Capitán de la Legión, perteneciente a la Comandancia General de Melilla, lleva el nombre del Comandante Franco porque este fue el primer jefe de la unidad, entre los años 1920 y 1922.

Con esta resposta, Mulet preguntaba, novamente o 4 de xuño de 2021: "¿Piensa el Gobierno impulsar un cambio de denominación para que tenga un nombre que no humille a las víctimas de este genocidio?"

E contestaba o Goberno o 28 de xuño dese ano: "El gobierno ha presentado el anteproyecto de Ley de Memoria Democrática, en el cual se incluyen nuevas previsiones con respecto a cuestiones planteadas en su pregunta". Para o senador Mulet esa resposta era "vergonzosa".

A revista oficial da Lexión despois de lembrar a orixe (créase a I Bandeira o 7 de outubro de 1920 e está composta por dúas compañías de fusís e unha de ametralladoras), incluía unha crónica da celebración realizada en outubro de 2020 para conmemorar o seu centenario: "Cien años han pasado, y esta unidad con su continuo servicio se ha hecho valedora del temor del enemigo y acreedora del cariño del Pueblo Español y del respeto y admiración de sus Ejércitos". [Sánchez no cambiará el nombre de la unidad de la Legión "Comandante Franco". Europa Press, elnacional.cat, 3-7-2021].

**Continuados pronunciamentos de militares franquistas.** É preocupante a exaltación do ditador Franco en manifestos públicos de militares, cando algúns fixeron a súa carreira na democracia. Despois de 43 anos de democracia, 65 xenerais, 7 almirantes, 30 capitáns de navío, 2 capitáns de fragata, 374 coroneis e tenentes coroneis, 48 comandantes, todos eles en situación de retirados, facían público en agosto de 2018 unha *“Declaración de respeto y desagravio al general don Francisco Franco Bahamonde, soldado de España”, que xustificaba a sublevación de 1936 contra o goberno lexítimo da República*”.

Entre os asinantes desa declaración estaban militares que ocuparon importantes responsabilidades nas Forzas Armadas ou na Casa do Rei: tenente xeneral Luis Alejandro, ex-Xefe do Exército de Terra cando Federico Trillo era ministro de Defensa; tenente xeneral Agustín Muñoz-Grande Galilea, fillo do xeneral Agustín Muñoz-Grandes, xefe da División Azul e ministro de Franco; almirante Antonio González-Aller Suevos, que foi xefe do Cuarto Militar da Casa do Rei; xeneral de división Juan Chicharro, axudante de campo do rei Juan Carlos e presidente da Fundación Nacional Francisco Franco na actualidade; xeneral de división Alberto Asarta, candidato de Vox nas eleccións xerais (apoiaron o manifesto outros tres militares que se presentaron nas candidaturas de Vox); xeneral Eduardo González-Gallarza Morales, foi xefe do Estado Maior do Aire (JEMA), fillo de Eduardo González-Gallarza Iragorri, ministro do Aire con Franco; xeneral de brigada Blas Piñar Gutiérrez, fillo de Blas Piñar, fundador de Fuerza Nueva, organización de ultradereita; tenente coronel José Ignacio San Martín Naya, fillo do coronel San Martín, condenado pola súa participación no 23-F; comandante Ricardo Pardo Zancada, condenado no 23-F.

Un grupo de militares daban resposta con outro manifesto: *“El general Franco no merece respeto ni desagravio alguno, sino nuestra repulsa más absoluta por haber encabezado un golpe de estado sangriento y genocida contra la legal y legítima II República Española, la feroz guerra civil posterior, y una dictadura opresiva e inclemente durante casi cuarenta años*”. Un dos asinantes, o cabo Marco Antonio Santos Soto, que ingresou no Exército de Terra en 1999, foi expulsado.

Nun chat telemático no que participaban 39 membros, dun total de 72, da XIX promoción da Academia Xeneral do Aire, en situación de retiro, manifestábanse gravísimas acusacións contra o Goberno e a democracia e a favor de *“pronunciamentos*”. Posteriormente, enviaban unha carta a Felipe VI e ao Parlamento Europeo en novembro de 2020, que encabezaba o xeneral de división Francisco Beca. Manifestaban que a eventual reforma do sistema de elección do Consello Xeneral do Poder Xudicial era unha grave ameaza á separación de poderes, e a súa preocupación polo “deterioro” da nación, *“que un día juramos defender*”; polas relacións do Goberno español con partidos *“cuyo objetivo es la separación de una parte del territorio de nuestra patria*”. A ministra de Defensa Margarita Robles puña en coñecemento da Fiscalía o citado chat para investigar a súa eventual relevancia penal.

Otro escrito dirixido a Felipe VI firmado por 73 membros de la XXIII promoción de la Academia General Militar del Ejército de Tierra, tachaba al gobierno de Pedro Sánchez de *“socialcomunista, apoyado por filoetarras e independentistas*”, que pone en peligro la *“cohesión nacional*”. Entre los firmantes estaban sobre diez miembros del Centro Nacional de Inteligencia (CNI).

Un terceiro escrito en decembro de 2020, “*Declaración de militares retirados ante la situación actual de España*”, auténtico manifesto político, era asinado por máis de 400 “militares de todas las graduaciones en situación de retiro”. Este era o contido dese manifesto:

*Preocupados por el deterioro progresivo sufrido por nuestra Patria durante las últimas legislaturas hasta límites imprevisibles.*

*La unidad de España está en peligro. Dada su minoría parlamentaria para formar gobierno el PSOE optó por la coalición con los comunistas y el apoyo de independentista/golpistas catalanes y proetarras vascos, aceptando para ello los desprecios a España, las humillaciones a sus símbolos, el menosprecio al Rey y los ataques a su efigie. Además de permitir violentas algaradas independentistas y golpistas con petición de indultos a condenados por sedición, así como conceder favores a terrorista con el consiguiente deprecio a sus víctimas.*

*Grave riesgo para la democracia, permitiendo que se cuestione la Monarquía constitucional por los socios de Gobierno*

*Imposición de un pensamiento único mediante leyes como la Memoria Democrática y la de Educación inclusiva de adoctrinamiento ideológico.*

*Mantenemos activo el Juramento que prestamos en su día de garantizar la soberanía e independencia de España y defender su integridad territorial y el orden constitucional, entregando la vida si fuera preciso.*

Acababa a declaración manifestando “*nuestra absoluta lealtad a nuestro Rey y Mando Supremo de las Fuerzas Armadas*”.

O manifesto estaba encabezado polo tenente xeneral Emilio Pérez Alamán (ex-xefe do mando militar en Canarias). Entre os asinantes estaban o xeneral de División Juan Chicharro Ortega (presidente da Fundación Nacional Francisco Franco), tenente xeneral Juan Antonio Álvarez Jiménez (ex-director de la Academia Militar de Zaragoza), xeneral de brigada Carlos Blond Álvarez del Manzano ou o almirante José María Treviño Ruiz (xefe do gabinete técnico do ex-ministro de Defensa do PP Federico Trillo). Algúns eran reincidente porque xa asinaran en agosto de 2018 o manifiesto “*Declaración de respeto y desagravio a Franco*”.

Os manifestos que se difunden por militares franquistas son unha expresión máis dos numerosos actos de exaltación da ditadura e do franquismo, que se veñen celebrando nos últimos anos con total impunidad. (**Documento nº 8**. “Grupos franquistas preparan otro acto en Madrid: así garantiza España el libre enaltecimiento de la dictadura”. *publico.es*, 20-3-2021).

En 2020 celebráronse sobre 50 actos de enaltecemento do franquismo sen ningún problema. O Movimiento Católico Español e Acción Juvenil Española organizaban con diversos actos o 28 de marzo de 2021 o “*Día de la Victoria en el LXXXII Aniversario de la Liberación de Madrid*” polas tropas do exército sublevado en 1936, unha auténtica ofensa ás vítimas do franquismo.

### **Celebracións en edificios militares**

Os militares franquistas non se privan de celebrar en instalacións militares datas significadas relacionadas co golpismo. No Exército hai quen **segue a celebrar o 18 de xullo como “un día importante”** e xustificando, polas “*circunstancias*”, a sublevación militar e fascista de 1936, que é presentada como un “*alzamento cívico-militar*”. Así, a Agrupación de Apoyo Logístico 61, con

sede en Valladolid, emitía esta Orde o 18 de xullo de 2017: *“En este día de 1936, oficialmente, se inicia en toda España un alzamiento cívico-militar, en el que participa la mayoría del Ejército. Es un día importante en la historia de nuestra patria que merece ser recordado, para que las generaciones futuras eviten el que se produzcan las circunstancias que propiciaron el enfrentamiento bélico. Los pueblos que olvidan su historia están irremisiblemente condenados a repetirla”*. Ante o amplo rexeitamento social, o Exército limitouse a dicir: *“Ha sido un error”*. E non pasa nada.

Significados militares celebraban un xantar nun acuartelamento para **conmemorar o aniversario do intento de golpe de Estado de 1981**. Foron convocados o 18 de febreiro de 2014 por Antonio Tejero Díez, tenente coronel da Garda Civil e fillo do que entrou no Congreso o 23 de febreiro de 1981. Despois Tejero Díez ascendeu a coronel.

Unha festa militar, coñecida como **“Fiesta del Ciento”**, celebrábase no Casino de alumnos da Escola Naval Militar de Marín (Pontevedra) en novembro de 2018. Era unha gala de despedida dos novos oficiais, que realizarían o Cruceiro de Instrución no buque escola Juan Sebastián Elcano. Nun vídeo da festa (*lamarea.com*, 23-12-2020) pode verse a futuros oficiais da Armada Española entoando *Primavera*, canción fascista (foi himno da División Azul), e facendo o saúdo fascista co brazo en alto. Parece ser que cancións e himnos fascistas son frecuentes en celebracións e marchas militares. Ese mesmo xornal dixital publicaba días antes outro vídeo no que varios militares da BRIPAC (Brigada Paracaidista) realizaban o saúdo nazi mentres coreaban a citada canción.

**A Orde do día da Escuela de Especialidades da la Estación Naval de La Graña (Ferrol)** utilizaba o 1 de xaneiro de 2021 unha linguaxe e terminoloxía propia do franquismo: *“Nos primeiros días de xaneiro do ano 1937 desapareceu con toda a súa dotación o submarino da ‘escuadra roja’ C5, mandado polo heroico Tenente de Navío Don José Lara y Dorda, que o afundiou ao fracasar o seu atrevido plan para se apoderar do buque e pasar con el á Frota nacional. Houbo outros casos en que os oficiais aparentaron servir os ‘rojos’, con grande risco das súas vidas, evitando con habilidade e engano efectuar ataques aos buques nacionais. Se se apercibir a dotación destas manobras terían sido mortos no acto”*. O Xefe de Estudos desta Escola, responsábel da redacción e publicación, foi cesado, pero continúa na Armada.

### **Academias militares dirixidas por franquistas**

Significados golpistas foron directores desta Escola Naval de Marín. Francisco Bastarreche, que era director en 1935, súmase á sublevación o 18 de xullo de 1936, declarando o estado de guerra en Marín. Despois foi conselleiro de FET-JONS en 1938 e almirante. Cando era Comandante Xeral do Departamento Marítimo de Cartaxena asinou 48 penas de morte entre 1951 e 1950. Pedro Nieto Antúnez, que en 1936 era capitán de Corveta, tamén tivo un papel moi activo na sublevación, dirixindo as columnas militares que ocuparon Marín. Despois foi director da Escola Naval Militar, almirante e ministro de Mariña.

O tenente xeneral Juan Antonio Álvarez Jiménez era un dos asinantes do sinalado manifesto de militares franquistas en decembro de 2020. Fora director da Academia Militar de Zaragoza de 2006 a 2009 e, posteriormente, Xeneral Director de Ensinanza, Instrución, Adestramento e Avaliación no ministerio de Defensa. Este militar impartía unha conferencia en xuño de 2018 na Cátedra Miguel

de Cervantes sobre “La formación en valores en las Fuerzas Armadas”. Que valores democráticos pode transmitir este militar?

### **Simboloxía franquista en edificios do ministerio de Defensa no Estado**

O mantemento de simboloxía franquista por parte do Ministerio de Defensa non é un feito puntual ou limitado a unha comunidade autónoma, senón unha actitude continuada e xeneralizada, como recollen moitos traballos de investigación. Prolifera a simboloxía franquista en numerosos espazos que dependen do ministerio de Defensa. (**Documento nº 9**. ”El Ejército mantiene numerosos símbolos, placas y escudos franquistas en los cuarteles y en salas del Estado Mayor”. *publico.es*, 20-5-2021).

No **Cuartel do Rei da Garda Real de El Pardo** hai unha placa de cerámica con aguia, xugo e frechas e o lema “Una, grande, libre”. O escudo de armas de Franco figura na fonte do patio central e tamén nunha vidreira situada xunto á cantina de oficiais e na antiga Sala Mora, dentro do Estado Maior.

Na **Unidade Militar de Emerxencia** (UME) hai apoloxía do franquismo. Unha das salas de reunión do Cuartel Xeneral en Torrejón de Ardoz leva o nome de Sania Ramel, nome do aeródromo de Tetuán donde aterrizou Franco despois de saír de Canarias para sublevarse contra o goberno da República.

### **V.- INCUMPRIMENTO REITERADO DA LEI DE MEMORIA HISTÓRICA E DE ACORDOS DO PARLAMENTO GALEGO E DOUTRAS INSTITUCIÓNS**

#### **Orde da ministra de Defena Carmen Chacón para a “Retirada de militares y acciones de guerra”**

Despois do acordo do Consello de Ministros de 31 de outubro de 2008 con instrucións para a retirada da simboloxía franquista, o Ministerio de Defensa, sendo ministra Carmen Chacón, en cumprimento da Lei de Memoria Histórica, publicaba unha Orde en decembro de 2009 para a "retirada de militares y acciones de guerra". Durante 2009 e 2010 Defensa traballou sobre un total de 410 símbolos, modificándose tamén o nome de 11 bases, acuartelamentos ou establecementos dependentes de Defensa. En **Burgos** a Residencia General Yagüe, pasa a denominarse *Dos de Mayo*. E o Centro Deportivo Militar General Yagüe pasa a *La Deportiva*. O concello de **Madrid** tamén retiraba a rúa General Yagüe o 28 de abril de 2017 cos votos a favor de Ahora Madrid, PSOE e Cs, e abstención do PP. **Logroño** retiraba a rúa General Yagüe o 12 de febreiro de 2020 e o pleno de Burgos de 6 de outubro de 2017 retiraba a Yagüe a distinción de Fillo Adoptivo e a Medalla de Ouro. Por que o Ministerio de Defensa mantén na **Coruña** esta distinción a un significado falanxista e golpista como Yagüe, dando nome a unha Sala de Honor? (**Documento nº 10**, foto da placa).

Estamos ante un claro incumprimento por parte do ministerio de Defensa do artigo 15 da Lei 52/2007 de Memoria Histórica. Tamén hai un incumprimento dos **acordos do Parlamento de Galicia** que o 26 de decembro de 2006 aprobaba unha Proposición non de Lei na que se instaba ao

Goberno Galego a retirar progresivamente dos edificios públicos e centros dependentes da administración as denominacións que fagan referencia a **figuras ou feitos relacionados co franquismo**. O 26 de marzo de 2008 aprobaba outra Proposición non de Lei na que instaba á Xunta de Galicia a “eliminar de todos os edificios públicos dependentes da súa administración toda a simboloxía fascista e a promover a supresión dos nomes destes edificios que fan referencia a **persoeiros representantes ou partidarios da ditadura franquista**”. Ese mesmo Parlamento aprobaba por unanimidade (Xunta do PP) esta declaración institucional o 18 de xullo de 2016: “Condena do golpe de Estado perpetrado por Franco o 18 de xullo de 1936, o réxime ditatorial consecuencia dese golpe de Estado e os crimes e represións exercidas sobre as persoas vencidas. **Eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos**”.

A **Deputación da Coruña**, en cumprimento da Lei de Memoria Histórica, acordaba o 26 de outubro de 2018, sen ningún voto en contra, “instar aos concellos da provincia a eliminar os restos de simboloxía franquista (escudos, insignias, placas, nomenclátor das rúas, inscricións) distincións a golpistas, franquistas e demais formas de exaltación e enaltecemento individual ou colectivo da sublevación militar de 1936 e do franquismo, e dos seus **dirixentes**”.

Igualmente, a actuación do ministerio de Defensa do goberno do PSOE, incumpre as leis de memoria histórica aprobadas polo propio PSOE en diversas comunidades autónomas. Así, a Lei de Memoria Histórica e Democrática de **Estremadura** (presidencia do PSOE), aprobada o 20 de decembro de 2018, concretaba a aplicación desta lei refiríndose a "dirixentes ou organizacións que sustentaron ao réxime". E no seu artigo 25.14 sinala: "As administracións Públicas de Estremadura procederán, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor da presente lei, a revisar e invalidar as distincións, nomeamentos, títulos honoríficos e demais formas de exaltación de persoas vinculadas coa represión franquista". E a Lei de Memoria Democrática de **Aragón** sinala no seu artigo 31.1.d que son contrarias á dignidade das vítimas da represión franquista as "denominacións de rúas, vías ou lugares que rendan homenaxe a militares ou políticos afectos ao golpe de Estado ou ao réxime franquista".

Como se pode manter as rúas e distincións a Salvador Moreno Fernández que participa en Ferrol no golpe de Estado de xullo de 1936 e, posteriormente, na represión cando dirixe o bombardeo dunha multitude desde o acoirazado Canarias que, cando entran os fascistas en Málaga, foxen por estrada até Almería, provocando o asasinato de máis de 5.000 persoas? Como pode manter o ministerio de Defensa dun goberno do PSOE a rúa Salvador Moreno no Arsenal Militar, cando a corporación de Ferrol (alcaldía do PSOE) xa retirou en 1981 esa rúa (hoxe Irmandiños) e cando o pleno de Pontevedra de outubro de 2002 (a iniciativa da alcaldía do BNG e co apoio do PSOE) eliminaba a rúa Salvador Moreno, hoxe Rosalía de Castro? E cando o propio goberno do PSOE cambia o nome do colexio Salvador Moreno en Pontevedra, que depende de Defensa?

Francisco Moreno Fernández, distinguido polo ditador Franco co título de Marqués de Alborán, tamén participa no golpe de Estado de 1936 como Xefe de Armamento do Arsenal de Ferrol, tomando o mando deste e participando no arresto do Contralmirante Antonio Azarola, que foi executado despois dun xuízo sumarísimo. En **Madrid** xa retiraron a rúa Almirante Francisco Moreno en abril de 2017. Como pode manter o ministerio de Defensa unhas rúas a estes dous



golpistas que no sumario aberto polo xuíz Baltasar Garzón da Audiencia Nacional (auto de 16 de outubro de 2008) estaban imputados, xuntamente con outros 33 cargos do franquismo, por delitos de detención ilegal e crimes contra a humanidade?

## VI.- RESPONSA DO MINISTERIO DE DEFENSA A PREGUNTAS NO CONGRESO

Despois de máis de trece meses desde a entrega do primeiro escrito por parte do colectivo de presas e presos políticos de Ferrol na ditadura, todo parece indicar que Defensa se nega a admitir a evidencia da existencia desa simboloxía franquista e négase a súa retirada, incumprindo a Lei de Memoria Histórica de 2007. Así, o deputado Jon Iñarritu do grupo parlamentario de Bildu presentaba o 2 de marzo de 2021 á Mesa do Congreso dos Deputados esta pregunta ao Goberno con solicitude de resposta por escrito sobre a retirada de nomes franquistas nas rúas do Arsenal Militar de Ferrol:

*La iniciativa “Sacar el franquismo del Ejército” impulsada por varios integrantes de las FFAA ha solicitado que se retiren los nombres franquistas del Arsenal de Ferrol.*

*Al parecer, varios de esos nombres se pusieron en la primavera de 1981, como represalia de la eliminación de las calles dedicadas a franquista en Ferrol en marzo de 1981.*

*Por ello, deseo conocer:*

*¿Qué nombres y denominaciones tienen las diferentes calles de la Base de Ferrol?*

*¿Cuáles de ellas están dedicadas a franquistas o al franquismo?*

*¿Estima el Gobierno eliminarlas en arreglo a la Ley de Memoria Histórica?*

O Ministerio de Defensa contestaba así (está no documento 9), con data 9 de abril de 2021:

“En cumplimiento de esa Ley y de la normativa que la desarrolla, se revisaron los símbolos y los nombres. Algunos de estos, que no vulneraban lo establecido en aquellas, se mantuvieron, ya que **recuerdan a miembros de la Armada o buques con vinculación con la ciudad de Ferrol.**

Conforme a la información obrante en el Ministerio de Defensa, no consta que existan actuaciones pendientes en el Arsenal del Ferrol en lo que afecta al cumplimiento de la citada Ley 52/2007 de 6 de diciembre. Sin perjuicio de ello, se indica que el Gobierno ha aprobado el anteproyecto de Memoria Democrática en el que se incluyen nuevas previsiones respecto a cuestiones planteadas". (**Documento nº 11.** "El Ministerio de Defensa reitera su negativa a eliminar los símbolos franquistas del Arsenal de Ferrol". *enfoques.gal*, 14-4-2021; inclúe fotos das placas).

Ese sorprendente argumento –“vinculación con la ciudad”– non aparece na Lei de Memoria Histórica. Con ese razoamento, o ditador Franco, que tamén era de Ferrol, debería conservar as rúas e distincións que tiña nesta cidade? Fixo mal o PSOE cando, en aplicación da Lei de Memoria Histórica, votou a favor de retirar a moitos ministros de Franco as distincións que tiñan na súa cidade natal? Así, o pleno de Málaga de 25 de xaneiro de 2018 (alcaldía do PP) retiraba a José Utrera Molina (falaxista, nado nesta cidade e ministro na ditadura) a distinción de Fillo Predilecto e Medalla da Cidade.

Curiosamente, un goberno do PSOE xustifica hoxe a permanencia de golpistas nas rúas do Arsenal Militar pola súa "*vinculación con la ciudad de Ferrol*", pero o mesmo PSOE (cando gobernaba o PP de Rajoy) manifestaba a través da deputada Paloma Rodríguez, que a Lei de Memoria Histórica estaba practicamente derogada polo seu incumprimento por parte do PP e **reclamaba a eliminación da rúa de Salvador Moreno no Arsenal Militar, nado en Ferrol, porque liderou o golpe militar de 1936 en Ferrol**, o mesmo que a rúa do seu irmán, Francisco Moreno, pola súa participación golpista. Daquela, o PSOE criticaba o rexeitamento do PP da proposición non de lei que presentaba a súa deputada.

Cando se debate unha proposición non de lei na Comisión Constitucional do Congreso o 17 de xuño de 2015 sobre a eliminación de símbolos franquistas, presentada polo Grupo Socialista, dicía Paloma Rodríguez:

*“Ferrol es una ciudad que aspira a convertirse en patrimonio de la humanidad, para lo cual el arsenal militar constituye una parte fundamental. Como tal, este patrimonio, que ha de ser visible para la población y para los visitantes, no puede persistir en honrar con la denominación de sus calles a quienes traicionaron la voluntad del pueblo y la legalidad. Por otra parte, señorías, en el arsenal también trabajan militares y civiles, demócratas, defensores de la legalidad vigente, que día a día han de convivir con la indigna e ilegal denominación de las calles del recinto.*

*El franquismo ha sido condenado en todas las instancias democráticas, y el compromiso del Partido Socialista es claro y rotundo en relación con una memoria colectiva que forma parte de nuestra realidad.*

*No pueden traicionar, señorías, la legalidad y no pueden decepcionar a las personas, a tantas personas que lucharon y que luchan para la recuperación de la dignidad de las víctimas del franquismo y, consecuentemente, para la recuperación de la dignidad de este país”.*

O Goberno aplica unha política contraditoria porque, ao mesmo tempo que falaba de vinculación de militares golpistas con Ferrol para manter así a simboloxía franquista, rexeitaba que o aeroporto de Murcia leve o nome de Juan de la Cierva pola súa vinculación co franquismo e en aplicación da Lei de Memoria Histórica. **O enxeñeiro Juan de la Cierva y Codorníu, inventor do autoxiro, precursor do helicóptero, era murciano**, pero neste caso parece ser que non serve o argumento da súa vinculación con Murcia para dar nome ao aeroporto. Antes de tomar unha decisión, a Secretaría de Estado da Memoria Democrática encargaba, entre outros, un informe ao historiador Ángel Viñas, que presentaba unha carta manuscrita do enxeñeiro De la Cierva na que informaba ao xeneral golpista Emilio Mola das xestións que estaba a realizar en Berlín, Londres e outras cidades europeas para conseguir material de guerra para os militares que preparaban a sublevación contra o goberno lexítimo o 18 de xullo de 1936. Por esa implicación no golpe de Estado, o concello de **Coslada** tamén retiraba a súa rúa en 2018.

## **En definitiva:**

É evidente a actitude permisiva do goberno de España con declaracións e manifestos de militares que exaltan a figura de Franco, como na citada declaración de respecto e desagravio ao ditador: *"Llegado aquel momento crucial para la supervivencia de la Nación española, asumió la responsabilidad que le entregaron sus compañeros de Armas para ejercer el Mando único de la España agredida y asediada por el comunismo internacional aceptado y adoptado por el Frente Popular"*.

Esa reiterada pasividade ante declaracións que xustifican a sublevación militar e fascista de 1936, non teñen nada que ver coa actitude doutros países de Europa que tamén sufriron unha ditadura criminal. Alemaña está a combater a infiltración da ideoloxía de extrema dereita entre os corpos policiais e militares, e a ministra de Defensa anunciaba no verán de 2020 a disolución dunha compañía completa do Kommando Spezialkräfte, o corpo de élite do Exército. O goberno do Estado alemán de Hasse disolvía en xuño de 2020 a unidade especial da Policía de Frankfurt logo de se facer público que varios dos seus axentes estaban a ser investigados por participar en chats de extrema dereita.

Por outra parte, o Código Penal de Alemaña contempla penas de até tres anos de cárcere por exaltación do nazismo E en Italia a apoloxía do fascismo pode ser castigada até con catro anos de prisión e tamén está penalizada a propaganda do réxime fascista.

Por todo o sinalado, entendemos que non só hai un claro incumprimento da Lei da Memoria Histórica por parte do Ministerio de Defensa, senón que, pola resposta a preguntas dos deputados, non ten vontade política para eliminar esa simboloxía franquista.

**Estes feitos motivaron, con independiza das actividades que no corpo deste escrito se sinalan, que se dirixiran sendos escritos ao Ministerio de Defensa para que polo mesmo, en cumprimento da normativa vixente, se adoptasen as medidas oportunas, sendo preceptivo – art 8 e 9 da Constitución– que a defensa do ordenamento constitucional conleva o acatamento das normas das que o Estado se dota, entre elas a Lei da Memoria Histórica que no art 15.1 dispón: “As Administracións Públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura. Entre estas medidas poderá incluírse a retirada de subvencións ou axudas públicas”.**

É obvio que a expresión “As Administracións Públicas” inclúe ao Ministerio de Defensa e todo o seu organigrama e dependencias, sen que os espazos destinados ao seu obxectivo, cuarteis, arsenais, edificios etc queden excluídos ou supoñan un oasis no que o cumprimento da lei estea excluído. Non actuar supón, cando menos, un posíbel delito de prevaricación omisiva ao non actuar o que equivale a unha denegación da petición, máxime cando existe unha norma que de forma imperativa impón a adopción dunha resolución.

## **SOLICITAMOS**

Que por parte desa Fiscalía se tomen as medidas oportunas para comprobar os datos que aportamos, tanto en Galiza como no conxunto do Estado, e actuar en consecuencia porque **entendemos que esta reiterada actitude de incumprimento da lei polo Ministerio de Defensa, podería ser constitutiva de delito.**

A Coruña, 2 de febreiro de 2022

Asdo. Manuel Monge González

## **PRESAS/OS POLÍTICAS/OS DE FERROL NA DITADURA QUE APOIAN ESTE ESCRITO:**

Rafael Pillado Lista, Francisco Rodríguez Sánchez, Sari Alabau Albors, Vicente Couce Ferreira, Raúl Pillado Lista, Alfonso Tellado Sande, Antón Martínez Aneiros, Xosé Piñeiro Arnos, Anxo Ferreiro Currás, Ignacio Fernández Toxo, Fina Varela Fontán, José María Freire Piñeiro, José Loureiro Fernández, Manuel Monge González e Ricardo Aneiros Sixto.

## DOCUMENTOS ANEXOS

1. Escrito de presas e presos políticos de Ferrol a Margarita Robles, Ministra de Defensa (21-12-2020).
2. Resposta de Defensa (5-2-2021).
3. Novo escrito para Defensa (marzo 2021).
4. Escrito da Confederación Intersindical Galega-Ensino (3-2-2021).
5. “La Ley de Memoria Histórica cambia de nombre a un colegio pontevedrés”. *Europa Press-El Español*, 7-5-2021. “Oficial el cambio de nombre del colegio pontevedrés bautizado en honor al golpista Salvador Moreno”. *Europa Press*, 19-8-2021.
6. “En Marea exige a Defensa que retire los nombres franquistas del Arsenal”. *Ferrol 360*, 10-3-2016.
7. “Defensa permite que la Legión siga utilizando el nombre de Franco en una de sus unidades”. *publico.es*, 30-3-2021.
8. “Grupos franquistas preparan otro acto en Madrid: así garantiza España el libre enaltecimiento de la dictadura”. *publico.es*, 20-3-2021.
9. “El Ejército mantiene numerosos símbolos, placas y escudos franquistas en los cuarteles y en salas del Estado Mayor”. *publico.es*, 20-5-2021.
10. Foto da placa “Sala de Honor Tte. Gral. Yagüe” no edificio de Capitanía Xeneral na Coruña.
11. “El Ministerio de Defensa reitera su negativa a eliminar los símbolos franquistas del Arsenal de Ferrol”. *enfoques.gal*, 14-4-2021.

### Documentos telemáticos:

12. “Manifiesto contra el franquismo en la Fuerzas Armadas”. Foro Milicia y Democracia, 22-8-2018.

<https://www.miliciaydemocracia.org/manifiesto-contr-el-franquismo-en-las-fuerzas-armadas/>

13. “Carta a Antonio Duelo Menor, Vicealmirante Xefe do Arsenal de Ferrol” (5-2-2019).

<https://www.diariomilitar.es/wp-content/uploads/2019/03/1.-Cartas-al-Jefe-del-Arsenal.pdf>

“Dosier para el cambio de nombre de las calles del Arsenal de Ferrol”:

14. “Justificación de la necesidad del cambio de nombre de las calles del Arsenal de Ferrol”.

<https://www.diariomilitar.es/wp-content/uploads/2019/03/2.-Dosier-cambio-de-nombre-de-calles.pdf>

15. “Selección de candidatos para nombrar las calles del Arsenal de Ferrol”.

<http://docplayer.es/138356847-Dosier-para-el-cambio-de-nombre-de-las-calles-del-arsenal-de-ferrol-part-e-ii.html>